

Dona Maruja Gutiérrez foi e segue sendo unha muller querida e recordada polos veciños e veciñas do noso pobo, que viviu traballando pola sociedade lalinense toda a súa vida.

Naceu en Lalín (Pontevedra) o 16 de xuño de 1908. Estudou nas *Doroteas* na cidade do Lerez e asistiu ás clases de Maxisterio na *Escola Normal*. Rematou a carreira en 1931 e o seu título pertence á derradeira tanda asinada polo Rei Alfonso XIII. Axiña de acadar o título, presentouse á oposición e foi percorrendo as escolas de Ourense e A Latiza - Rodeiro. A horas compatibles co ensino oficial, exercía na casa o privado, circunstancia que provocou certo conflito co alcalde Alfonso Garra Goyanes, alá polos anos 50.

Maruja Gutiérrez acabou por dedicarse en exclusiva ao ensino privado, eido no que foi unha verdadeira institución. Pódese dicir que medio Lalín ten unha carreira universitaria grazas á “Profe”, que é como a chamaban agarimosamente. Dona Maruja axudaba a quen non tiña medios, e trataba de dar folgos para que acadasen os seus obxectivos na vida.

Quizais, foi unha das primeiras, ou probablemente a primeira, muller empresaria de Lalín, xa que Dona Maruja Gutiérrez e Don Ramón Aller fundaron no ano 1939 o *Colexio Sagrado Corazón*, instalado no antigo *Hospitalillo*, onde actualmente se atopa o Instituto Laxeiro, do que foi directora e profesora ao longo de vinte e cinco anos. Aquí alfabetizou aos nosos pais e nais, a aquelas persoas que traballaron e traballan arreo por desenvolver o futuro de Lalín. Foi o centro polo que pasou case toda a poboación estudantil da comarca do Deza e Trasdeza, e polas súas aulas transitaron os que hoxe en día son notarios, cregos, mestras, mestres, médicos, avogados, xuíces...

Nos seus últimos tempos coma docente, volveu ao ensino público exercendo en lugares como Prado e Bermés, onde se xubilou.

Foi unha das persoas máis solidaria, caritativa e traballadora en relación a causas sociais e na consecución da igualdade de oportunidades da nosa vila. Tamén promoveu que “as señoras de Don Nicasio” cederan os terreos para a construción da *Residencia Nosa Señora das Dores* e foi membro do seu Padroado dende a súa fundación ata que finou, o 6 de xaneiro de 2003.

AS CONCELLERÍAS DE IGUALDADE E COMERCIO DO CONCELLO DE LALÍN

CONVOCAN O

XVIII Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez” 2024



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

As Concellerías de Igualdade e Comercio do Concello de Lalín, con motivo do 8 de Marzo Día Internacional das Mulleres, convocan o **XVIII Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez”**, para visibilizar e distinguir a profesionalidade, a capacidade de iniciativa empresarial e a traxectoria persoal e social das mulleres lalinenses no 2024.

Este premio nace coa finalidade de difundir as achegas das mulleres á sociedade, promovendo a transformación de estereotipos sexistas e rachando coas situacións de discriminación por razón de xénero, así coma para estimular e recoñecer o esforzo e a traxectoria de mulleres que están desenvolvendo unha labor importante e relevante no ámbito da igualdade de oportunidades, para que serva de exemplo para toda a sociedade e referente para as novas xeracións de mulleres.

BASES

Primeira.- Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle de traslado do seu extracto ao BOPPO.

O prazo de presentación de candidaturas empezará ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o **27 de febreiro de 2024**, poderán ser presentadas pola propia interesada ou a instancia de terceiros: particulares, asociacións empresariais, comerciais, culturais, de mulleres, sindicatos...

Segunda.- Poderán optar ao premio:

- **Empresarias** (titular, promotora e/ou socia principal), con independencia da forma xurídica da súa empresa e con domicilio social en Lalín.
- **Mulleres ou Asociacións/Colectivos** que destaquen pola súa traxectoria tanto profesional, coma persoal ou no eido social.

Terceira.- O Xurado outorgará tres premios repartidos nas seguintes categorías:

- **Xove empresarial** (idade máxima da empresaria 35 anos ou que a creación da empresa non supere os 3 anos de antigüidade)
- **Traxectoria “toda unha vida”**.
- **Mulleres en movemento**, para mulleres ou asociacións/colectivos de mulleres que destaquen pola súa traxectoria profesional, persoal ou social e que traballan polo avance en igualdade.

Cuarta.- Os criterios de valoración para elixir ás premiadas serán os seguintes, e serán valorados cada un deles cun punto, ata un máximo de 15 puntos:

- Labor social.
- Iniciativa emprendedora.
- Creatividade e/ou idea innovadora.
- Nivel de consolidación da empresa ou asociación.
- Fomento do desenvolvemento local.
- Contribución á incorporación das mulleres ao mundo laboral.
- Contribución ao coñecemento e á cultura.
- Promoción da igualdade de oportunidades.
- Promoción dos procesos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Promoción e creación de emprego nos novos xacementos de emprego.
- Inversión en I+D.
- Dedicación.
- Traxectoria profesional.
- Outros...

Quinta.- As interesadas en optar a este galardón ou aquelas persoas e institucións interesadas en propoñer a algunha candidata, deberán remitir as candidaturas ata o día 27 de febreiro de 2024 a través da **Sede Electrónica** ou do **Rexistro Xeral do Concello de Lalín**, tamén poderán enviarse por correo electrónico a igualdade@lalin.gal, indicando no asunto XVIII Premio ás Mulleres “Dna. Maruja Gutiérrez”.

As candidaturas presentadas deberán achegar a ficha que se xunta como Anexo I e proporcionar datos suficientes que permitan recoñecer á candidata, así como un breve currículo e/ou historia de vida, e as razóns polas que considera que é merecedora deste premio.

Sexta.- As candidaturas serán valoradas por un xurado nomeado ao efecto, que estará formado por concelleiros, concelleiras e persoal técnico de diferentes áreas municipais e por representantes do tecido asociativo e empresarial de Lalín, presidido pola Concelleira de Igualdade, ou a persoa en quen delegue, e cuxa secretaría será desempeñada pola Axente de Igualdade.

O xurado seleccionará as candidatas que considere merecedoras dos premios nas diferentes categorías, atendendo aos criterios de valoración recollidos na base cuarta, así mesmo poderá solicitar información complementaria sobre as finalistas durante o proceso de deliberación.

O fallo do xurado recollerase nun acta e será levado á Xunta de Goberno Local para a aprobación definitiva da concesión dos premios, que se fará público na web do Concello de Lalín www.lalin.gal

Sétima.- Os premios outorgaranse en especie e consistirá nunha peza orixinal realizada especificamente para este galardón.

O importe total dos premios será 435,60 € (145,20 € cada premio) con cargo á aplicación orzamentaria 0/2312/48100.

Os premios poderán ser declarados desertos se a xuízo do Xurado as propostas presentadas non reúnen méritos suficientes ou non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria.

A entrega de premios terá lugar en marzo de 2024 durante a celebración dun acto público, ao que deberán asistir, se é posible, as persoas gañadoras que serán avisadas con antelación.

Oitava.- As persoas premiadas deberán acompañar declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 13.1 e 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (conforme ao Anexo II publicado na web www.lalin.gal). Sen esa declaración non poderán ser beneficiarias dos premios.

Novena.- Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases, así como a divulgación dos méritos a través dos medios de comunicación e redes sociais. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas será resolta polo xurado, e as súas decisións serán inapelables.

Décima.- A non aceptación ou incumprimento dalgunha destas bases supón a renuncia ao citado galardón.

Máis información:

Oficina de Igualdade do Concello de Lalín
Praza de Galicia, nº 1
Tfnos.- 986 78 70 60 - 986 18 10 45
igualdade@lalin.gal